

n.º
1

Alberte Momán e Alba Méndez

DE CASTRO

Q de Vian Cadernos é unha iniciativa do colectivo A PORTA VERDE DO SÉTIMO ANDAR, QUE CON ESTE PRIMEIRO NÚMERO BUSCA incidir na visibilidade da produción artística galega. Esta colección nace con afán de continuidade, polo que periódicamente abrirase a porta deste espazo á participación de artistas galegos e galegas, así como a autores e autoras de países lusófonos cos e coas que xa actualmente se manteñen relacións.

DE CASTRO.- Colectánea poética de Alba Méndez e Alberte Momán, que unifica a visión de ambos sobre a obra e a figura de Rosalía de Castro, icona da literatura e a identidade galegas. Lonxe de todo academicismo e de pretensiosas actualizacións que estarían fóra de lugar, trátase dunha apropiación da obra da autora galega, para achegala á de dúas persoas diversas nun exercicio de posta en común, non exento de conflitos.



A Porta Verde do Sétimo Andar



A Porta Verde do Sétimo Andar

De Castro

Alberte Momán e Alba Méndez



Q de Vian Cadernos

de CASTRO

Alberte Momán e Alba Méndez

A Porta Verde do Sétimo Andar

© edición: Q de Vian Cadernos
© texto: Alberte **Momán**
Alba **Méndez**

Deseño e Maqueta: Nova Galicia Edicións
Execución gráfica: Obradoiro de **Nova Galicia Edicións**
novagalicia@novagalicia.com

Dep. Legal: VG 1082-2010
ISBN da colección: 978-84-15164-22-7
ISBN do volume: 978-84-15164-23-4



Esta licenza permite copiar, distribuír e exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións:
-Autoría e Atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome dos autores.
-Non derivados: Non se poden alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes.
-Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais.

de CASTRO

Alberte Momán e Alba Méndez



oculta no castro de Ortoño
o ar húmido no peito
penumbra


luar
negras sombras
veñen cara min


sen claridade
non acougo

deixádeme respirar!

unha nena chora
chora
e ninguén se decata
estranxeira na súa patria
represaliada
nace a súa propia expresión
como dun pobo
unha fala
minorizadas

cos ollos abertos
cheos de bágoas.

 **veño** do Camiño Novo
profunda luz
e sombra

 **I**
ergo as mans
en leve xesto
cumpridas as horas
miro alén de obrigas
de sacrificios todos dunha vida
cantados
 por min
en digna honra
 que hoxe vexo distante
allea

ergo as mans
de costureiriña
e honesta reclamo
un favor
que por filla
a terra me dera
de non ser por este afogo.



II

figuro na irreverencia da dor

pronúnciome
cun leve xesto da man erguida
dona dos meus propios pasos
que
miña santasa
non é divina a vontade
do baile

articulada sobre as dedas
en saia erguida sobre o xeonllo
quen nin naceu da lama
nin foxe dela
pois as muiñeiras
revirandeiras
e punteados
calman os males dos máis ousados
e erguen envexas
dos renegados



escribo

palabras palabras palabras
cun sentido que
 onde ficou velado?

escribo das dores
 como pobo
coa forma dos prexuízos
 que como estigma me consumen
escribo
 palabras
alén de todos os significados
mortas
e inmorrentes palabras
dun amor
 que o é tan só entre as páxinas
dunha man
 que non acode ao berro proletario
unha canción
 que cantada
apaga o chíó dos paxaros



–**por que** as crianzas dos nosos días
descoñecen o significado das aldeas?
–*élo qué?*

que pasa se nos quitan a lingua?
que pasa se nos quitan a lingua?

renuncia
desleigado
do seu
do ser
da fala
da identidade

dilúviome de alienación
e segue chovendo

demouco sentimentos patrióticos
de bágoas duras
non vale o pranto

porque había vida
onde hoxe hai asfalto


da Habana

sentindo o ar
da nosa terra
á arquitectura do cemento
e segue chovendo
dos *Pinos* á devastación
desmemoriada


das outas frondes
ao deserto de Castela
e máis
docemente no tempo

agora

eu
humilde poeta do XXI
tamén teño morriña
das orfas e orfos nos campos de soidade.


 o amor
do que amou un día

veño de ti e por ti
volvo

 O teu amor
ole á roseira
nas rúas primavera,
cos meus pensamentos en ti.
Agora,
non hai grises na miña paleta,
nin medo, nin rumor, nin queixa, nin choros.
Xa podoo pintar
a escala cromática
do arco da vella.
Abrázome á túa luz
co teu alento
malia que chova

o fado
buscoume o amor
e atopeino
escintilan os nosos corazóns namorados
perante a barbarie deste mundo

mia loucura assi cresce
O Macías

 **Meu** poeta namorado,
enrédome contigo unha vez máis
evadíndome así
d'aqués que ten fama de honrados na vida.

Vibro
e,
no leito,
xa non son ferida.


Vólvesme tola de pracer,
percórresme coa túa lingua,
mentres medra a intensidade.


Fundíndonos entre as sabas
xeme o centeo
nun só corpo


trobador,
na miña inocencia,
como a de todas as mulleres de negro.

Recompóñome,
ergo as mans
cicatrizando
por fin,
as pantasma do pasado.

Contigo,
heroe,
rematou o *luto*.


 **Déixame** moldear
o teu corpo
e beber de ti
 nesa copa
o elixir
das dozuras da vida

 **Nas** nubes
a miña alma soia crea metáforas:
lóstregos,
brétemas,
chuvia
e mailo sol
a historia no refraneiro esquecido
 o estrondo
 do *prácido* lugar
 a sensibilidade inmensa no ceo,
 na terra.

 **levo** alegría no rostro
esfuerzo nas mans espidas

pobo digno!

como engurras os sucos sobre a terra
ara compañeiro
Galiza adiante

 **verdes** paisaxes do meu fillo
Lestrove
por entre a brétema

camiños
onde pasamos mulleres
de pedra



Ovidio

un río no val da vida

eu paso

fértil terra
cunha alborada vermella
de estirpe fervendo
violeta



na pavorosa sombra
por tras dos *pinos bravos*
roucos pasos de frouma e xabre

-de estar vivo
matarémolo
pois os mortos gardan silencio

fala o vixía do seu cometido
en breve discurso
pois innecesarias tórnanse as palabras
co peso da lacerante pantasma dos remorsos

xa que matando morreu
un pouco
e matando
ao inocente
cura a pena

 I

feble e queixosa
 ingrato!
cando fun
 alento teu
mans espidas
 para o teu esforzo
cura para as túas dores
sorriso na felicidade
soporte
alicerce
contra os males teus

volvo
 hoxe
sobre os meus pasos
sendo ansia
doce frouma que me quenta
 nas noites longas de inverno
por e para min
 amor
en tempos entregado a ti
e que agora recupero

 II

como Frida
 deixei de amarte
para facer un autorretrato
no que o que importa
son eu



e eu
seixo esnaquizado
revivo en min



coa Galiza distante
procuro a harmonía das voces
interiores

escóitome
mentres cae a noite
en Madrid



Ela:

Óllame moi para dentro
Óllame vista cansada
Óllame que teño frío
Envolta entre as tías sabas.

El:

Quen puidera moreniña
Quen puidera rebasare
Esa tormenta de ferro
Que me leva alén do mare

Ela:

Quen puidera guindar fóra
Á porta da esperanza
Dende o mare o soño esperta
E o amor nunca descansa

El:

Se esta esperanza tan inxusta
O camiño do amor non guiara
Non habería mare abondo
Para conter a miña rabia

Ela:

Se a rabia que a ti che falta
En terra eu a xuntara
Non habería nin val nin montaña
Que non asolagara

El:


Non sei de que forma estraña
As forzas xuntar puidera
Para loitar na distancia
Pola patria, amor e terra.

Ela:

Nin novas terras, nin novas chairas
Nin cadelas nas terrazas
Poderán salvar un corpo
Das ideas renegadas

Todos:


O amor no mar descansa
Sobre as ondas desgraciadas
El que o alén quixera
Ela que o desamaba.


 **vogar** por espidos camiños
unhas liñas pobremente adheridas
 dun branco luxado
exiguas herbiñas nas beiras
baixo a sombra dos eucaliptais
que fan doce o vivir

na casa
apenas un leve rumor televisivo
luz dun fulgor exsangüe
frugal banquete
horas breves
de descanso insuficiente
e a traballar sen fin!
terra
a nosa

próxima
sinxela
dunha procura constante
volvendo sobre os pasos
 dunha espiral infinda

terra
a nosa
que construír
 facendo sucos
como engurras das idades
das que ninguén despoxarte pode

 **non** habemos ficar inmóbeis
pobo

 **sede** de amores
polo gaiteiro ausente
infindo desexo
impaciente namorada

longo intervalo de espera
espazo
 traidor!
afástanos
 loucura salvaxe!

de súpeto
un bico
 ao lonxe sorrí
aí está!
eu
 feliz
novamente

ej que loj gallegoj tienen musho asento!
Dito popular español



luxadas as extremidades
da pezoña lamacentas
do ermo de Castela

un retorno espido
de figura pobre e famenta

deixeime quedar aló
amor

onde a cana do cereal
fende as mans


onde a sabedoría nosa
non é máis que un atranco


para o que din progreso
onde somos só

a man orfa


das que aleitan as terras de Castela


en nome do imperial
centralismo
perdo a vontade de amar
as frondes túas
as curvas que apalpei
tantas veces
aprendendo de ti todo
amor
por ti
que fuches alento meu
forza
felicidade
o sentimento que levo comigo
sempre
historia da miña historia


 **Iria,**
miña antiga capital galaica
déboche a vida
e a pluma

 **miro** petrificada dende o paseo do Espolón
a Cabanillas coroado
á beira do Sar

resistencia tinguida
de escarlata
segue a Romaría da Patria Galega
a loita continúa!

 **Amo** as miñas raíces
morro na Matanza
nunha casa que nunca tiven

 **Agora** o Pedrón de Ouro,
ara romana xacobeana
memoria viva
e o pobre
Centro de Estudos.
Negra sombra sobre o noso.
Ferida aberta.
Aran os bois e chove
novamente

 **deixo** xa o ferro dos apeiros
arredo a terra das mans
coa auga que tantas veces
a miña sede calmara

chegada a noite da despedida
non afasto a man do vaso
que ha proporcionar o último grolo
a última palmada nas costas
un último bico
amigos e coñecidos fican xa na distancia

Padrón
de camiño
sempre de camiño a algures
Terras de Iria
Rosalía á esquerda
como un rumor
ao lonxe

os berros da feira
as pasas e as nozes do pan
o queixo fresco
os arrecendos todos
e o río a pasar
que me leva
Pontecesures
onde outrora escoitara os berros dos labregos
xunto á leiteira
de infranqueables muros

Caldas ao lonxe
Lantaño
que me ergue un sorriso
Pontevedra
nunca carente de sentido

un desvío necesario
nunca desexable

para saír á fenda
que o asfalto converteu en transitable

entro no Morrazo por Domaio
e lembro o motivo da viaxe
a razón última de todas as viaxes
sen retorno


na memoria
as caricias túas
os bicos
as curvas que percorro coas xemas
levemente
adeprendendo os contornos teus
o feito
 imprescindible xa
de permanecermos
de estar

non importa xa que a ociosidade sexa a nai de todos os vicios
a humillación de verse rexeitado
 a idade temperá

saberse separado dos anxeios dun país enteiro
da fortaleza inmensa
 das masas erradas
a incapacidade para ser
 fóra do mercado


que importan
do camiño
as ricas cousas que mercar
as ganas que delas tiña
mais que non tiña para as pagar

que importan os atrancos todos
pois recoñezo os salgados humores
das terras do Morrazo
as luces que me guían
que me amparan
na miña pel húmida
 e brillante
baixo a choiva

 **Lévote** dentro
Padrón
corazón da historia de Galiza

*áí tes o meu corasón,
se o queres matar ben podes:
pero, como estás ti dentro,
tamén, si ti matas, morres.*

Rosalía de Castro

 **rozas** o delito
ansiando o sangue sobre as mans espidas

rubindo polo peito
as meixelas
a lingua sobre o corpo
 irto
recreando
 unha e mil veces
a caída
como peso
 inerte

para caer no baleiro
xunto ao corpo
que non ha responder máis
 os teus embates
el
 que era agromo das túas iras
motivo para o teu contento
rabia
 ilusión
dor
 forza
todo o aroma do mar
lacerante acubillo no descanso das ondas

tanto ti
 como ti mesma
nado de ti
 e para ti
 con vida sempre

da paixón polo conflito
amor pola renuncia
a disensión

machacar
machacar

moribundo entre as túas mans
e revivido mil veces
despois dun acceso de compaixón
para con el
para contigo
que morres un pouco
coa súa morte



tremo


na aldea
 todo quedo
 case inmóbil
a súa forza cala

as veigas sen mans que as traballen
as casiñas tristeiras
os campos ermos
os rabaños desleigados
os aires mudiños da fala nai

unha néboa mesta que me oprime
terra silenciada
para quen a goberna

só se oe aquí o estrondo das obras
estradas
 camiños
accidente paisaxístico

tremo
 eu
 sensible
ante a morte

 o medo fuxiu
e ao vir ti
atopeime

seiva nova de roseira
no espertar
a alba de gloria

